

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. 4º ESO

CURSO 20-21

CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓN

Debido á situación especial que estamos vivindo debido á pandemia provocada polo COVID-19, comezaremos o curso retomando os contidos máis importantes que quedaron sen explicar o curso pasado (no noso caso a literatura do século XVII), facendo fincapé sobre todo na literatura, pois os contidos de lingua vólvense a explicar este curso con máis profundidade.

Como consecuencia disto, a distribución temporal dos contidos que se presentan a continuación é un pouco aproximativa, pois probablemente haberá que facer algún cambio na distribución que virá marcado pola propia marcha do curso.

A materia de Lingua castelá e Literatura ten neste curso unha carga lectiva de tres horas semanais nas cales imos tentar acadar os obxectivos arriba propostos.

Ao longo do curso vanse combinar, de xeito simultáneo, contidos correspondentes aos diferentes bloques que conforman o currículo de Lingua castelá e Literatura:

Bloque 1: "Comunicación oral: escoitar e falar"

Bloque 2: "Comunicación escrita: ler e escribir"

Bloque 3: "Coñecemento da lingua"

Bloque 4: "Educación literaria"

1ª Avaliación:

1. Recoñece aos xéneros literarios barrocos e as obras e autores máis representativas desta época a través da lectura e explicación de fragmentos significativos.
2. Le de xeito autónomo, comprende e analiza textos literarios representativos da literatura española do Barroco.
3. Redacta textos de intención literaria a partir da lectura de textos barrocos

- utilizando algunha das convencións formais dos diferentes xéneros e con intención lúdica e creativa.
4. Produce textos orais descritivos e narrativos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
 5. Comprende, interpreta, valora e produce en soporte papel ou dixital, textos escritos descritivos e narrativos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
 6. Planifica, produce e revisa textos con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
 7. Coñece as orixes históricas da realidade plurilingüe de España e valora como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural. Coñece os factores históricos que orixinaron as zonas de dominio lingüístico catalán, galego e vasco.
 8. Coñece as variedades sociais e diafásicas da lingua.
 9. Coñece, usa e valora as normas ortográficas e de uso da lingua: regras xerais de acentuación; uso correcto de G/J, B/V, H, X, D/Z, C/CC, Y/LL, M; e palabras de escritura dubidosa.
 10. Recoñece e identifica as unidades lingüísticas: enunciado, oración e sintagma; tipos de enunciados pola súa modalidade; o sintagma, estrutura e tipos; a oración simple, estrutura e tipos.
 11. Identifica os diferentes xéneros literarios.
 12. Recoñece as obras máis representativas da literatura española dos séculos XVIII e XIX –Ilustración e Neoclasicismo, Romanticismo, Realismo e Naturalismo- a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexiona e supera estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc
 13. .Le de forma autónoma, comprende e analiza textos literarios representativos da literatura española dos séculos XVIII e XIX.
 14. Presenta unha actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura organizando razoadamente propias ideas, expóndoas e respectando as ideas das demais persoas.
 15. Redacta textos de intención literaria a partir da lectura de textos dos séculos XVIII e XIX utilizando algunha das convencións formais dos diferentes xéneros e con intención lúdica e creativa: un poema, unha escena teatral.
 16. Consulta e utiliza fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.

17. Usa de xeito progresivo, autónomo e eficaz os dicionarios, as bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información

2ª Avaliación:

1. Comprende, interpreta, valora e produce de textos orais expositivos e argumentativos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
2. Comprende, interpreta, valora e produce en soporte papel ou dixital, de textos escritos expositivos e argumentativos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
3. Planifica, produce e revisa os textos con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
4. Coñece, usa e valora as normas ortográficas e de uso da lingua: normas de acentuación de ditongos, tritongos e hiatos; acentuación de palabras compostas; casos especiais de acentuación: monosílabos e til diacrítico; normas de puntuación.
5. Identifica as funcións sintácticas oracionais e análise sintáctica da oración simple; recoñece e clasificación da oración composta por coordinación e subordinación; identifica, clasifica e analiza as oracións subordinadas substantivas.
6. Recoñece e usa de xeito reflexivo os nexos e conectores textuais máis comúns e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
7. Usa de xeito reflexivo a puntuación en relación coa cohesión textual.
8. Recoñece as obras e autores máis representativos de principios do século XX – Modernismo, Grupo do 98, Novecentismo, Xeración do 14, vangardas europeas, principais ismos, Xeración do 27- a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, unha obra completa.
9. Le de forma autónoma, comprende e analiza textos literarios representativos da literatura española de principios do século XX.
10. Presenta unha actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura organizando razoadamente propias ideas, expóndoas e respectando as ideas das demais persoas.
11. Redacta textos de intención literaria a partir da lectura de textos de principios do século XX utilizando algunha das convencións formais dos

diferentes xéneros e con intención lúdica e creativa.

12. Consulta e utiliza fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.
13. Usa de forma progresiva, autónomo e eficaz os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.

3ª Avaliación:

1. Comprende, interpreta, valora e produce textos orais argumentativos e periodísticos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
2. Comprende, interpreta, valora e produce en soporte papel ou dixital, textos escritos argumentativos e periodísticos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
3. Planifica, produce e revisa o texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
4. Coñece a estrutura da palabra e os diferentes procedementos de formación de palabras; analiza morfoloxicamente as palabras; clasifica as palabras atendendo a súa estrutura.
5. Identifica as principais relacións semánticas entre as palabras e os diferentes cambios semánticos; forma campos semánticos e léxicos ou asociativos.
6. Recoñece e identifica as perífrases verbais.
7. Identifica os diferentes tipos de oracións subordinadas adxectivas e análise das mesmas; recoñece os procedementos de substantivación e análise das oracións adxectivas substantivadas; recoñece a función sintáctica do pronome relativo.
8. Identifica os diferentes tipos e subtipos de oracións subordinadas adverbiais; análise sintáctica das oracións adverbiais propias e impropias; identifica e recoñece os diferentes conectores das oracións subordinadas adverbiais.
9. Recoñece as obras e autores máis representativos da narrativa, poesía e teatro desde 1936 até a democracia, a través da lectura e explicación de fragmentos significativos.
10. Le de xeito autónomo, comprende e analiza textos literarios representativos dos diferentes xéneros literarios da literatura desde 1936 até a democracia.

11. Presenta unha ctitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura organizando razoadamente propias ideas, expóndoas e respectando as ideas das demais persoas.
12. Redacta textos de intención literaria a partir da lectura de textos da literatura española a partir de 1936 até a democracia utilizando algunha das convencións formais dos diferentes xéneros e con intención lúdica e creativa.
13. Consulta e utiliza fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.
14. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis..) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
15. Utiliza das TIC para organizar contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
16. Usa de xeito progresivo, autónomo e eficaz os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.

**CONTIDOS MÍNIMOS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA
SUPERAR A MATERIA.**

Este aspecto da programación fixa o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe en 4º da ESO para considerar que un alumno/a pode superar Lingua Castelá e Literatura se conseguiu asimilalos e dominalos.

- ➔ Comprende, interpreta, valora e produce textos orais de diferentes tipos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.
- ➔ Comprende, interpreta, valora e produce en soporte papel ou dixital, textos escritos de diferentes tipos utilizando as técnicas e estratexias adecuadas.

- ➔ Planifica, produce e revisa textos con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- ➔ Coñece, usa e valora a importancia das normas ortográficas, gramaticais e de uso da lingua.
- ➔ Recoñece, usa e explica os elementos constitutivos da palabra e os procedementos para a formación de palabras.
- ➔ Recoñece, explica e analiza os elementos constitutivos da oración simple: suxeito e predicado e os complementos do predicado e os tipos de oracións.
- ➔ Recoñece, explica e analiza os diferentes tipos e subtipos da oración composta: coordinadas, subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas e subordinadas adverbiais propias e impropias.
- ➔ Coñece as orixes históricas da realidade plurilingüe do Estado español, e valora a riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.
- ➔ Recoñece os xéneros literarios e as obras e autores máis representativos da literatura española desde o século XVII.
- ➔ Le textos da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- ➔ Consulta e utiliza fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.
- ➔ Usa de xeito progresivo, autónomo e eficaz os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Chegados a este punto e tendo en conta a situación tan complicada pola que estamos atravesando, debido á crise provocada pola COVID-19, que afecta tan de cheo ao sistema educativo, intentaremos explicar como desenvolver os contidos desta materia tendo en conta os tres supostos cos que podemos atoparnos ao longo do curso escolar: ensino presencial, non presencial e telemático ou semipresencial . Non obstante resúltanos moi complicado intentar ser obxectivos á hora de programar a materia no caso de que o curso quedara interrompido nalgún momento e as clases tiveran que desenvolverse de forma non presencial debido ás situacións tan diferentes nas que se atopa o noso alumnado, que foron patentes cando en marzo do curso pasado tivemos que continuar as clases de forma telemática. Nese momento coñecemos os problemas que tiñan algúns alumnos/as para poder continuar coas clases: falta de ordenadores, sen acceso a internet, dificultades para acceder á Aula virtual...

Non obstante e a pesar da falta de medios coa que nos atopamos, a metodoloxía que empregaremos desde o noso departamento será a seguinte:

As primeiras sesións do curso dedicaranse a explicar ao alumnado as normas xerais da clase: as normas da materia, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso, os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva, os criterios de cualificación, os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar e os sistemas de cualificación; así como o material necesario e o seu uso. Explicaráselle que todos estes datos quedan a súa disposición e a da súa familia na web do CPI.

Ademais de todo isto explicaremos ao alumnado os tres escenarios posibles cos que nos podemos atopar debido á situación excepcional provocada polo COVID: clases presenciais, semipresenciais ou online.

No caso de **clases semipresenciais ou telemáticas**, utilizaremos as plataformas virtuais a nosa disposición: Classroom e a Aula Virtual do colexio preferentemente, pero tamén correos electrónicos ou calquera outro medio que a profesora considere necesario se as distintas situacións así o precisan. Tanto o

alumnado como a profesora facilitarán e intercambiarán os enderezos electrónicos dispoñibles.

O sistema que utilizaremos no caso das clases semipresenciais ou telemáticas será por videochamada utilizando preferentemente Cisco Webex Meeting, Skype ou Meet. Se algunha das aulas onde impartimos clase non dispón de ordenador, utilizaremos os nosos teléfonos móbiles ou tabletas.

Para facer efectiva a clase vía online, seguirase o libro de texto como guía, tanto para adquisición de coñecementos coma para facer exercicios. As correspondentes explicacións faranse mediante vídeos explicativos colgados na Aula Virtual.

Por último, si algún alumno/a no puidera seguir a ensinanza telemática, faríasele chegar desde a través da dirección do centro, o material oportuno para que puidera seguir dalgunha maneira as ensinanzas impartidas.

No caso de **clases presenciais**, seguirase a metodoloxía ordinaria que se indica na programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Haberá, en primeiro lugar, unha avaliación inicial que nos servirá para determinar os coñecementos previos de cada alumno ou alumna. O **deseño da avaliación inicial** consistirá na resolución de varias actividades sobre contidos básicos do curso anterior e nos permitirá comprobar, entre outros aspectos, se saben aplicar técnicas de estudo e comprensión dun texto, a súa creatividade, o dominio que teñen das normas ortográficas e gramaticais, o grao de coherencia e cohesión do texto elaborado e a presentación do mesmo. A avaliación inicial levarase a cabo nos primeiros días do curso para poder tomar **medidas individuais e colectivas** oportunas sobre alumnos/as que precisen unha adaptación curricular, reforzo educativo, etc.

Unha vez realizada a avaliación inicial continuarase coa avaliación do

proceso de aprendizaxe. Realizaranse **tres sesións de avaliación**, coincidindo aproximadamente cos tres trimestres. A avaliación debe ser permanente e continua e axudaranos a localizar, valorar e interpretar as necesidades pedagóxicas que poidan xurdir ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Os **contidos de cada avaliación poden ser recuperados na seguinte**, en tanto o proceso avaliador é continuo. É importante que o alumnado participe no proceso de avaliación cunha autorreflexión ao respecto do seu proceso de aprendizaxe, valorando os progresos obtidos e as dificultades atopadas.

➤ A cualificación de cada avaliación farase en función do seguinte baremo:

-Probas obxectivas (90%): a nota se calculará facendo a media das notas das dúas probas. Para isto haberá que conseguir unha puntuación mínima de 3,75 en cada proba. En caso contrario non se fará media e o alumno/a non aprobará a avaliación. Haberá, ademais, que superar os contidos de todos os bloques.

-Traballo reflectido no caderno e outras actividades de expresión, comprensión, análise de textos... (10%).

A nota mínima para aprobar será un 5.

➤ A non lectura dos libros obrigatorios na avaliación levará consigo a cualificación en suspenso desta ata que se realice. No caso de ter superadas o resto das probas e suspender a avaliación por non ler os libros de lectura obrigatoria, o alumno/a terá que recuperar só a proba de lectura. A lectura dos libros non fará media nin aumentará a nota da avaliación.

No caso de que o ensino sexa semipresencial ou online, e dependendo do tempo que esta situación dure, faranse os exames precisos vía online establecendo unha data e hora fixas para a realización dos mesmos. O mesmo se fará con aqueles traballos ou exercicios que sexan necesarios para a avaliación da materia.

Por último, á hora de establecer a nota de cada alumno/a teremos en

conta as seguintes **penalizacións** que suporán unha diminución da nota da avaliación:

- Catro faltas de ortografía graves nun exame baixarán 1 punto a nota deste. O alumnado poderá suspender a materia no caso de que o número de faltas de ortografía supere o límite imposto pola profesora: en ningún caso será superior a 20 faltas por exame ou traballo. Se penalizarán até 0,25 puntos os exames cunha mala caligrafía e presentación.
- Igualmente se realizará un control exhaustivo do caderno do alumno/a, que este presentará sempre que a profesora considere oportuno. Nel terán que estar debidamente realizadas as actividades que propoña a profesora diariamente e, en caso contrario, isto quedará reflectido no caderno da profesora con un negativo. Cada tres negativos baixarase 1 punto á nota da avaliación. A non realización das tarefas diarias con regularidade poderá supoñer que a materia se suspende, impoñéndose este criterio á nota dos exames.

No caso de **ensino semipresencial ou online**, a revisión de cadernos e traballos será mediante o envío das imaxes dos mesmos mediante a Aula virtual ou ao correo electrónico da profesora, o cal será facilitado a principios de curso a todo o alumnado.

- Tamén se obterá un negativo pola falta reiterada de material e o comportamento na clase que impida un bo desenvolvemento da mesma, coa mesma penalización que no punto anterior: cada tres negativos réstase un punto á nota da avaliación.

Polo que se refire á **cualificación definitiva do/a alumno/a no remate do curso**, en avaliación ordinaria, será o resultado da avaliación final e global e dito resultado procederá da media entre as cualificacións das tres avaliacións, pero tendo en conta que a nota media do último trimestre é a máis importante das tres obtidas ao longo do curso. Non se fará media con cualificacións inferiores a 3,5.

En canto á **avaliación extraordinaria de setembro**, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita na que serán avaliados os bloques de contidos: *Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua e Educación Literaria* na data e hora establecida desde xefatura de estudos. Esta proba poderá incluír unha o varias

preguntas de control sobre as lecturas obrigatorias se estas non foron superadas en xuño positivamente. Tamén se poderá esixir, no caso de non ter superadas as lecturas, un traballo de cada un dos libros suspensos no que se demostre que leron e comprenderon o libro. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a 5.

Polo que respecta á organización das actividades de seguimento, **recuperación e avaliación das materias pendentes** o alumnado de 4º ESO coa materia de 1º , 2º e/ou 3º ESO pendente, poderá facer un exame no mes de maio, na data e hora establecida desde xefatura de estudos, para superala.

LIBRO DE TEXTO

Lengua castellana y Literatura, 4º ESO, Casals, ISBN 978-84-218-6095.

LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA

En 4º A:

1ª avaliación

Mala Luna, Rosa Huertas , Edelvives

2ª avaliación (dos lecturas)

Unha a escoller entre:

La Celestina, Fernando de Rojas, Santillana

Don Juan Tenorio, José Zorrilla,

e unha a escoller entre:

El señor Ibrahim y las flores del Corán, Eric Emmanuel Schmitt, Obelisco.

Las chicas de alambre, Jordi Sierra i Fabra, Alfaguara, serie roja.

3ª avaliación:

Las bicicletas son para el verano, Fernando Fernán Gómez, Vicens Vives.

En 4º B:

1ª, 2ª e 3ª avaliación: un libro cada avaliación a escoller entre:

Mala Luna, Rosa Huertas , Edelvives

Las chicas de alambre, Jordi Sierra i Fabra, Alfaguara, serie roja.

Las bicicletas son para el verano, F. Fernán Gómez, Vicens Vives

Parco, Jordi Sierra i Fabra , ed. Anaya

Vendida, Patricia McCormick, ed. SM, col. Alerta Roja

La lección de August (Wonder), R. J. Palacio, Nube de tinta

La historia de Julián (Wonder II), R. J. Palacio, Nube de tinta

Los espejos venecianos, Joan Manuel Gisbert, Edelvives

2ª avaliación. Ademais dunha das anteriores, unha lectura clásica a escoller:

La Celestina, Fernando de Rojas, Santillana

Don Juan Tenorio, José Zorrilla,

Clases semipresenciais ou telemáticas: No caso de que houbera que confinarse e o alumnado non tivese forma de conseguir os libros de lectura obrigatoria , informaráselles das distintas plataformas que poden utilizar nas que non se vulneran os dereitos de autor, teñen autorización ou ben son obras clásicas que xa forman parte do patrimonio. Tamén poderán

utilizar as diferentes bibliotecas dixitais que ofrecen acceso a libros gratuítos, Si con todo, non tiveran posibilidade de acceder a eses títulos, proporcionaráselle un listado máis extenso de lecturas para que o alumnado escolla.